



O Proxecto ELISA é un estudo pioneiro no noso contexto, de carácter lonxitudinal, que ten como obxectivo analizar o desenvolvemento condutual, emocional e psicosocial dos nenos e nenas así como os factores que inflúen no seu benestar.

A continuación, preséntanse algúns datos preliminares, resultado da recollida de información durante este primeiro ano.

ELISA en cifras

• Cales son as repercusións, de trascendencia social, do proxecto ELISA?

É único no noso país! Será o primeiro estudo lonxitudinal que se leva a cabo con preescolares no noso contexto (fará un seguimento dos nenos/as durante un mínimo de 3 anos). O seu fin último é a elaboración de estratexias de prevención para promover traxectorias de desenvolvemento saudables.

• Por que se trata dun proxecto con relevancia internacional?

Seguirá a estela do Estudo SOFIA, un traballo levado a cabo nos países nórdicos de gran prestixio en Europa. O equipo ELISA conta co asesoramento e a estreita colaboración destes profesionais.



72
centros
implicados

Públicos = 79.2%
Concertados = 18.1%
Privados = 2.8%

Colaboración directa

72 coordinadores centro
275 (aprox.) mestras/es El


Participantes

2457
Nenos e nenas de
3 a 5 anos

Os protagonistas de ELISA


Os nenos/as

XÉNERO



■ 3 anos ■ 4 anos ■ 5-6 anos

IDADE



Na escola

- Os cuestionarios son cubertos, na súa inmensa maioría, por mestras, e delas o 98,4% son as titoras dos nenos/as.
- O 79.4% pasa de 4 a 5 horas/día co alumno/a e afirman de xeito maioritario coñecer "Bastante ben" (76.4%) ou "Moi ben" (10.4%) aos nenos/as.

Na familia

Idade media (anos)

39,5

39,8

■ Nai ■ Pai

Situación laboral (% traballando)

78,2

93,1

Son as nais dos nenos/as, as que maioritariamente cobren o cuestionario sobre os seus fillos/as (85,9%).



Alguns datos preliminares do primeiro ano de estudo

1. Sobre OS HÁBITOS dos nenos/as

Para algo máis da metade dos nenos e nenas participantes no ELISA, as nais sinalan que o nivel de actividade física é adecuado (66.7%) como tamén o son as horas de descanso (61.2%). Dada a súa corta idade, e a importancia do exercicio e o descanso no seu crecemento, hai que aspirar a que o 100% dos pequenos/as teñan cubertas estas necesidades. De igual modo, tan só a metade dos nenos/as consomen froita e verdura a diario, sendo, en todo caso, o número de racións inxeridas (de 1 a 2) aínda insuficiente.

TEMPO DE LECER


Hábitos diarios dos nenos/as fóra da escola



2. Sobre a RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

O 67.2% das mestras consideran que a súa relación coas nais do alumno é boa, e un 30.6% califícanas como "Moi boa". A valoración que realizan as nais da relación coa mestra é igualmente positiva.

Calidade da relación coa escola: perspectiva das nais




ADAPTACIÓN DO NENO/A Á ESCOLA


Ao 87% dos nenos/as gústalles a súa mestra

3. Sobre a relación dos pais cos seus fillos/as

"En xeral diría que o meu fillo/a é un neno/a feliz"




"Síntome feliz no meu papel como pai/nai"




Globalmente, os nenos e nenas participantes no proxecto ELISA son descritos polos seus pais como "nenos/as felices". Do mesmo xeito, a maioría dos pais e nais, consideran o seu rol, moi reforzante e gratificante.

Prácticas educativas parentais

Mostras de afecto (bicos, abrazos) sen motivo concreto: 58%



Rutinas establecidas no fogar



Hábitos dos nenos/as

O 79,1% dos nenos/as fai, canto menos, unha comida ao día en familia.


Algúns datos preliminares do primeiro ano de estudo

4. Datos derivados das ESCALAS DE AVALIACIÓN


Como se aprecia nas seguintes gráficas, tanto nais como mestras consideran como pouco representativas dos nenos/as preescolares as condutas desobedientes, condutas agresivas ou rabietas (problemas de conduta) tanto na casa como na escola.

Ao mesmo tempo, resulta evidente unha tendencia á conduta prosocial, que aumenta a medida que o neno/a vai crescendo, e que se relacionaría coa baixa prevalencia de problemas de tipo relacional a estas idades.

Problemas e fortalezas nos nenos/as por idade según as nais




Problemas e fortalezas nos nenos/as por idade según as mestras



A sociabilidade, como dimensión temperamental que predispón ao neno/a á búsqueda de contacto e interaccións positivas cos demais nenos/as e adultos, podería explicar esta tendencia, conxuntamente co lixeiro descenso observado no nivel de timidez que se produce dos 3 aos 5 anos.

Temperamento e idade según as nais



Os nenos/as participantes no Proxecto ELISA mostran, en xeral, un adecuado axuste en termos condutuais, emocionais e sociais. Xustamente, o propósito deste estudo é examinar como evolucionan os estilos emocionais e condutuais ao longo do tempo, e coñecer os factores que determinan un desenvolvemento saudable. Desta maneira, esperamos poder descubrir en que momentos aparecen dificultades durante o proceso de crecemento dos nenos/as.

Para isto, o tren de ELISA segue en marcha; nos próximos meses contactaremosvos e faremos una nova parada, entre febreiro e marzo do 2018, para realizar o primeiro seguemento!

Moitas gracias a todas e todos que facedes que este proxecto sexa posible!

Atópanos en: www.facebook.com/proxectoELISA
 Contáctanos en: proxectoelisa.udipre@gmail.com

